

A nosa referencia: 2 - Secretaría
Expediente: 2026/G010/000005

Notifícolle que a Sra. alcaldesa, con data 05-03-2026, ditou a resolución núm. 186/2026 que se transcribe a seguir:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vistos os asuntos ditaminados pola Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico do día de hoxe.

Visto que, na xunta de voceiros extraordinaria do día de hoxe, esta Alcaldía comunicou a súa intención de convocar unha sesión extraordinaria do Pleno municipal, a celebrar o día 10 de marzo de 2026.

En uso das atribucións que me son conferidas no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 97 do Regulamento orgánico municipal, **RESOLVO:**

Primeiro: Convocar sesión extraordinaria do Pleno municipal para o martes 10 de marzo de 2026, ás 11.00 horas, coa seguinte orde do día:

1. Proposta de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 11.283,88 euros
2. Proposta de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 25.613,76 euros
3. Proposta de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 30.367,02 euros

Segundo: Notifíquese aos señores concelleiros e concelleiras para os efectos oportunos.»

Cambre, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo

TABOLEIRO DE ANUNCIOS